

HOURLIA (LIBERDADE)

Mounia Meddour, 2023

1129

ESTREA EN NUMAX: 30.06.2023 | V.O.S.E. | +12 | 104 min

Houria é unha nova e talentosa bailarina. Para loitar polos seus soños e conseguir algo de diñeiro, participa en apostas clandestinas. Pero unha noite, tras gañar unha fortuna, o seu mundo cambiará para sempre...

«Unha brillante viaxe liderada por un marabilloso reparto feminino»

Alexis Campion, LE JOURNAL DU DIMANCHE



Entrevista con Mounia Meddour: «Unha muller que baila é unha muller que quere expresarse»

Como naceu a historia de *Houria*? Inicialmente, existía o desexo de seguir explorando a sociedade alxeriana actual cos seus problemas actuais e a súa riqueza humana e lingüística. Con *Houria* afondo na historia de Alxeria para contar a historia dunha moza bailarina que se transforma despois dun accidente. Ao vir do documental, gústame sacar do máis profundo de min, lembranzas e experiencias para transcribilas á ficción no cinema.

Despois dun accidente que me provocou unha dobre factura de nocello, vivín unha longa rehabilitación que me inmovilizou por completo. Quería contar unha historia sobre o illamento, a soidade e a discapacidade, pero sobre todo de reconstrución. Houria vólvese aínda máis forte despois deste renacemento. Ela converterase nela mesma. Así imaxinei o personaxe de Houria, unha heroína grandiosa polo seu aguante, como esta Alxeria, ferida, pero en pé.

Houria e a súa nai Sabrina son bailarinas, viven sen homes, non poñen o velo, Sabrina fuma... Para ti, o feminino, o apetito artístico e a aspiración á liberdade son o mesmo? Si, para min a liberdade individual aspira a un desexo de florecer, de expresarse e explorar diversos camiños artísticos. No filme, Sabrina é unha muller culta, que ten talento e que se gaña a vida con dignidade, aínda así, bailar en vodas resulta algo escandaloso.

A liberdade individual e a expresión corporal están limitadas para todos os alxerianos, pero aínda máis para as mulleres? Completamente. Volvendo ao exemplo da danza, practícase en lugares privados, pero moi poucos ao aire libre. Os corpos das mulleres son tabú. Unha muller que baila é unha muller que quere expresarse. Necesitamos un cambio de mentalidade, pero o camiño é longo.

Podes falar sobre o traballo de Lyna Khoudri? Con Lyna teño a sorte de que nos coñecemos moi ben e o esencial do noso traballo en *Houria* consistía en construír un personaxe con profunda precisión. No filme, falamos do silencio, do shock postraumático e a rehabilitación física. Era fundamental recompilar a maior cantidade de información posible para construír un personaxe xusto, preciso e crible.

Para min, vindo do documental, era imprescindible ter todo este material para empezar a compoñer o personaxe de Houria. Así que comezamos con moitas entrevistas con psicólogos e neurólogos para tratar de entender que estaba pasando pola cabeza de Houria e comprender o seu silencio tras o shock postraumático. Ademais, hai un libro: *Linguaxe Ferida*, que acompañou a Lyna durante esta preparación.

Entón foi aprendendo lingua de signos con Antoine Valette, o noso asesor de lingua de signos, que traduciu pasaxes do guión. Este traballo foi incalculable porque serviu como modelo para facer as coreografías dos bailes co noso coreógrafo Hajiba Fahmy. E logo, por suposto limos moitos libros e biografías sobre Pina Baush, Marie-Claude Pietragalla y Martha Graham, vimos ballets clásicos, espectáculos contemporáneos, pero tamén moi creativos como os de Sia coas súas impactantes coreografías con increíbles expresións faciais.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Papicha. Sueños de libertad,
Mounia Meddour.
Karma [DVD]

Nuestras riquezas,
Kaouther Adimi.
Libros del Asteroide, 2018

Mustang,
Deniz Gamze Ergüven.
a contracorrientefilms [DVD]